

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN CLÚSTER TIC GALICIA

**TÍTULO I.** CONSTITUCIÓN DA ASOCIACIÓN, FINS, ÁMBITO TERRITORIAL E DOMICILIO

**TÍTULO II.** DEFINICIÓN DE EMPRESA TIC E INTEGRACIÓN NA ASOCIACIÓN CLÚSTER TIC GALICIA

CAPÍTULO I. DEFINICIÓN DE EMPRESAS TIC

CAPÍTULO II. SOBRE A INTEGRACIÓN

**TÍTULO III.** SOCIOS: DEREITOS E DEBERES

**TÍTULO IV.** ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO

CAPÍTULO I. ASEMBLEA XERAL

CAPÍTULO II. COMITÉ DE DIRECCIÓN

CAPÍTULO III. COMITÉ ESTRATÉXICO

CAPÍTULO IV. ÓRGANOS UNIPERSOAIS

**TÍTULO V.** PROCESO ELECTORAL. MESA ELECTORAL

**TÍTULO VI.** COMISIÓN E GRUPOS DE TRABALLO

**TÍTULO VII.** RÉXIME ECONÓMICO

**TÍTULO VIII.** MISCELÁNEA

---

## **TÍTULO I. CONSTITUCIÓN DA ASOCIACIÓN, FINS, ÁMBITO TERRITORIAL E DOMICILIO**

**Artigo 1.** Co nome de “ASOCIACIÓN CLÚSTER TIC GALICIA” (poderase utilizar abreviadamente “Clúster TIC Galicia”), constitúese unha asociación sen fins lucrativos, acollida ó disposto na Lei Orgánica 1/2002 de 22 de Marzo reguladora do Dereito de Asociación e as súas disposicións complementaria en materia de asociacións, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar.

**Artigo 2.** A Misión da asociación “Clúster TIC Galicia” é a de actuar como asociación na que participan as empresas, as asociacións empresariais, os colexios e asociacións profesionais e outros axentes relacionados coas TIC co obxectivo de desenvolver estratexias para facilitar o crecemento do sector TIC en Galicia.

**Artigo 3.** Son fins e obxectivos da asociación a relación e cooperación entre as entidades asociadas na defensa xeral dos seus intereses e os intereses do sector das TIC, con especial incidencia nos seguintes aspectos e obxectivos:

**Art.3.1.** Desenvolver as accións que máis potencien as capacidades das empresas asociadas.

**Art.3.2.** Xerar alianzas entre as empresas co dobre obxectivo de elevar o nivel competitivo dos produtos e servizos TIC galegos nos mercados estatais e internacionais.

**Art.3.3.** Desenvolver todo tipo de accións para favorecer o incremento da competitividade dos asociados.

**Art.3.4.** Representar aos asociados ante Institucións, administracións e medios de comunicación.

Para o logro dos seus obxectivos, a asociación desenvolverá todas cantas actuacións leven á consecución dos seus obxectivos e actuará ante as administracións públicas, corporacións de toda orde, entidades privadas e empresas e particulares, no ámbito que en cada momento sexa preciso.

**Artigo 4.** O ámbito territorial no que vai desenvolver principalmente as súas actividades comprende a comunidade autónoma de Galicia, sen prexuízo de poder estender a súa actividade a outros ámbitos, tanto do resto do estado español como internacionais.

**Artigo 5.** A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

**Artigo 6.** A asociación Clúster TIC Galicia fixa o seu domicilio social en Santiago de Compostela, no edificio FEUGA, na rúa Lope Gómez de Marzoa, s/n, sen prexuízo de que o Comité de Dirección poida acordar, en calquera momento e por razón motivada, o traslado que será ratificado na seguinte Asemblea Xeral. A asociación poderá establecer as delegacións e representación que considere conveniente.

## **TÍTULO II. DEFINICIÓN DE EMPRESA TIC E INTEGRACIÓN NA ASOCIACIÓN CLÚSTER TIC GALICIA**

### **CAPÍTULO I. DEFINICIÓN DE EMPRESA TIC**

**Artigo 7.** A efectos do estipulado nestes estatutos, considérase empresa TIC “Empresa dedicada á creación de produtos ou prestación de servizos de software, hardware, Internet, telecomunicacións, infografía, mensaxería electrónica, multimedia, redes de mantemento, consultoría, formación, creación e distribución de todo tipo de contidos audiovisuais, e demais actividades presentes e futuras relacionadas directa ou indirectamente cas tecnoloxías da información e as comunicacións e o ciclo de vida dos contidos multimedia”.

### **CAPÍTULO II. SOBRE A INTEGRACIÓN**

**Artigo 8.** As empresas TIC que teñan calquera forma xurídica legalmente recoñecida, poderán integrarse no Clúster TIC Galicia sempre que cumpra con todos os seguintes requisitos:

**Art. 8.1.** O seu obxecto social cumpra o definido no Artigo 7.

**Art. 8.2.** Teña o seu domicilio, social ou fiscal, ou instalacións produtivas ou centros de traballo cun mínimo de tres persoas contratadas a tempo completo por ano, na comunidade autónoma de Galicia.

**Art. 8.3.** Que estean ao corrente dos pagos derivados das súas obrigas coa Facenda Pública e a Seguridade Social, e realicen o depósito das súas contas no Rexistro Mercantil, ou, de ser o caso, dispoñan da documentación legal que acredite o exercicio da súa actividade e o volume de facturación conforme a dereito.

**Artigo 9.** As empresas poderán integrarse das seguintes maneiras:

**Art. 9.1.** Directamente, se cumpre cos requisitos establecidos no Artigo 8.

**Art. 9.2.** Por invitación expresa do Comité de Dirección, se ten razón social fóra de Galicia e non cumpre con algún dos requisitos establecidos nos presentes estatutos.

**Art. 9.3.** De xeito especial, e cos requisitos e procedemento que se recollerá no Regulamento de Réxime Interno, se son empresas de nova creación ou emprendedores.

**Artigo 10.** As Asociacións de empresas TIC poderán integrarse das seguintes maneiras:

**Art. 10.1.** Directamente, se contan con máis de 30 socios cuxo obxecto social cumpra o definido no Artigo 7 e Artigo 8.

**Art. 10.2.** Por invitación expresa do Comité de Dirección, se non se cumpre con algún dos requisitos establecidos no Artigo 10.1 dos presentes estatutos.

**Artigo 11.** Poderán integrarse no Clúster TIC Galicia os Colexios Profesionais e asociacións profesionais TIC, Centros Tecnolóxicos e representantes de grandes clientes privados e públicos, individualmente ou en clústers, constituídos baixo calquera forma xurídica legalmente recoñecida. A súa integración poderá ser:

**Art. 11.1.** Directamente, se ten a súa razón social en Galicia

**Art. 11.2.** Por invitación expresa do Comité de Dirección se ten a razón social fóra de Galicia ou se non é do sector TIC mais é representativo para o negocio das empresas do Clúster TIC Galicia.

### **TÍTULO III. SOCIOS: DEREITOS E DEBERES**

**Artigo 12.** Poderán ser socios todas as entidades que cumpran cos requisitos establecidos nos presentes estatutos. A clasificación de socios a efectos de cotas e grupos de representación será a establecida nos Artigos 13 e 14. Cada socio deberá designar unha persoa física para que o represente. Esta acreditación farase por escrito.

**Artigo 13.** Serán socios de pleno dereito:

**Art. 13.1.** Grandes Empresas TIC. Aquelas empresas TIC que contén cunha facturación igual ou superior a seis millóns de euros, no último exercicio económico pechado.

**Art. 13.2.** Pequenas Empresas TIC. Aquelas empresas TIC que contén cunha facturación inferior a seis millóns de euros, no último exercicio económico pechado.

**Art. 13.3.** Asociacións. As asociacións de empresas TIC.

**Art. 13.4.** Colexios. Os colexios profesionais TIC.

**Art. 13.5.** Centros Tecnolóxicos TIC. Os centros tecnolóxicos TIC.

**Artigo 14.** Terán a condición de socios especiais:

**Art. 14.1.** Adhesións Temporais. Serán os emprendedores ou empresas de nova creación segundo o establecido no Regulamento de Réxime Interno.

**Art. 14.2.** Promotor TIC. Calquera outra entidade integrada na asociación non recollida na clasificación anterior.

**Artigo 15.** A documentación e procedemento de adhesión quedará estipulado no Regulamento de Réxime Interno do Clúster TIC Galicia.

**Artigo 16.** A condición de asociado é intransferible, coa excepción dos casos que por causa de absorción, fusión, escisión ou sucesión de empresas e sempre que así o aprobe a Asemblea Xeral do Clúster TIC Galicia.

**Artigo 17.** Son dereitos dos socios:

**Art. 17.1.** Participar na elección da Presidencia.

**Art. 17.2.** Participar activamente en cantas actividades organice a asociación en cumprimento dos seus fins e realizar calquera proposta, petición, suxestión e comentario para o mellor cumprimento de ditos fins.

**Art. 17.3.** Disfrutar de todas as vantaxes e beneficios da asociación Clúster TIC Galicia, segundo as normas e disposicións regulamentarias.

**Art. 17.4.** Solicitar e recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos de goberno da asociación e das súas actividades, así como examinar os libros de actas e rexistros contábeis da asociación.

**Art. 17.5.** Ser escoitado con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra eles e a ser informados dos feitos que dean lugar a esas medidas, debendo ser motivado o acordo que, se é o caso, impoña a sanción.

**Art. 17.6.** Solicitar a impugnación dos acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

**Art. 17.7.** Participar nas asembleas xerais con voz e voto, segundo o estipulado nos presentes estatutos.

**Art. 17.8.** Establécese o dereito de elección a membros do Comité de Dirección aos socios de pleno dereito.

**Artigo 18.** Son deberes dos socios:

**Art. 18.1.** Cumprir estes estatutos e os acordos da Asemblea Xeral e do Comité de Dirección.

**Art. 18.2.** Gardar a confidencialidade dos acordos e deliberacións nos que participen os asociados.

**Art. 18.3.** Satisfacer as cotas e derramas que se establezan legalmente.

**Art. 18.4.** Asistir ás asembleas e demais actos que se organicen, en especial os comités e grupos de traballo dos que se forme parte.

**Art. 18.5.** Desempeñar, de ser o caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.

**Art. 18.6.** Contribuír co seu comportamento ao bo nome e prestixio da asociación evitando prácticas e comportamentos que danen a esta.

**Art. 18.7.** Axustar a súa actuación profesional aos principios da ética profesional, mantendo a actuación e colaboración necesaria cos demais asociados para a consecución dos fins da asociación Clúster TIC Galicia.

**Art. 18.8.** Non entorpecer directa nin indirectamente as actividades da asociación, dos seus órganos de goberno ou de calquera dos asociados.

**Art. 18.9.** Absterse de calquera xestión illada en nome da asociación Clúster TIC Galicia, sen expresa autorización do Comité de Dirección.

**Art. 18.10.** Facilitarlle á asociación as informacións necesarias para o cumprimento dos seus fins, cando así lle sexa solicitado e non teñan carácter reservado.

**Art. 18.11.** Impulsar activamente e perpetuar o cumprimento dos fins da asociación.

**Artigo 19.** A cualificación de faltas, procedemento e aplicación de sancións establecerase no Regulamento de réxime interno da asociación Clúster TIC Galicia, que deberá incluír, polo menos:

**Art. 19.1.** Os supostos nos que o asociado incumprise as súas obrigas coa asociación ou que a súa conduta menoscabe os fins ou prestixio desta.

**Art. 19.2.** Os supostos nos que o asociado prexudicase gravemente e de mala fe cos seus actos os intereses de algún dos membros.

**Art. 19.3.** Os supostos de incumprimento das obrigas establecidas nos estatutos ou dos acordos adoptados polos órganos de goberno.

**Artigo 20.** Os asociados causarán baixa, seguindo o procedemento establecido no Regulamento de Réxime Interno e por algunha das seguintes causas:

**Art. 20.1** Por incumprimento do artigo 18 e no estipulado no Regulamento de Réxime Interno.

**Art. 20.2.** Por renuncia voluntaria, comunicada por escrito ao Comité de Dirección que deberá ser comunicada á Asemblea Xeral na seguinte xuntanza.

**Art. 20.3.** Por falta de pago das cotas establecidas, tanto ordinarias como extraordinarias, ou dos servizos prestados, previa notificación de apercibemento en forma e prazo, tal e como se estipule no regulamento de réxime interno.

**Art. 20.4.** Por deixar de reunir os requisitos establecidos para cada caso de asociado.

**Art. 20.5.** Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

**Art. 20.6.** Por transmitir o detalle do tratado nas reunións da asociación a empresas ou entidades non socias da mesma.

**Artigo 21.** Os asociados poderán recuperar a súa condición de socio según se recolle no Regulamento de Réxime interno. A súa readmisión será ratificada en Asemblea.

## **TÍTULO IV. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN E GOBERNO**

### **CAPÍTULO I. ASSEMBLEA XERAL**

**Artigo 22.** A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da Asociación Clúster TIC Galicia e estará composta por todos os seus asociados. Os acordos, validamente adoptados, obrigarán a todos os membros da asociación.

**Artigo 23.** A sesión da Asemblea Xeral poderá ser Ordinaria ou Extraordinaria e calquera das dúas será convocada pola Presidencia cunha antelación de, cando menos, 15 días naturais na que se fará constar a data, lugar, hora da sesión e a orde do día que se vai a tratar.

**Artigo 24.** As Asembleas Xerais quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria, cando estean presentes ou representados un terzo dos asociados e, en segunda convocatoria, con calquera que sexa o número de asociados presentes ou representados e sempre que transcorra un tempo mínimo de trinta minutos desde a hora marcada para a primeira convocatoria.

**Artigo 25.** A Asemblea Xeral Ordinaria celebrarase, cando menos unha vez ao ano, e dentro dos seis meses seguintes ao peche do exercicio, para aprobar o plan operativo anual da asociación Clúster TIC Galicia, coñecer e avaliar a xestión da Presidencia e do Comité de Dirección, e aprobar, se procede, o balance económico e os orzamentos anuais.

**Artigo 26.** A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirase cando o acorde a Presidencia, o Comité de Dirección ou o soliciten por escrito un número non inferior ao trinta por cento dos asociados. Neste último caso, a solicitude deberá ir dirixida á presidencia da asociación indicando os motivos que xustifican a convocatoria, incluíndo a proposta sobre os puntos na orde do día, así como a acreditación da representatividade do trinta por cento indicada anteriormente.

**Artigo 27.** A orde do día da Asemblea Xeral será establecida polo Comité de Dirección, que tamén será o encargado de estudar a posibilidade de incluír na orde do día as suxestións ou propostas dos asociados, sempre e cando sexan remitidas ao Comité de Dirección con sete días de antelación á data da celebración da Asemblea Xeral.

**Artigo 28.** Os membros do Clúster TIC teñen dereito a asistir ás reunións da Asemblea Xeral por si mesmos ou por delegación mediante carta dirixida á Presidencia e sempre que cumpra cos prazos de antelación, requirimentos e límites previstos no Regulamento de Réxime Interno. A delegación só poderá ser outorgada para unha sesión determinada e será válida tanto para a 1ª como para a 2ª convocatoria e cada socio non poderá ostentar, en ningún caso, delegacións nun número superior ao 8% dos socios totais da asociación.

**Artigo 29.** A Presidencia dirixirá os debates da orde do día e coidará da boa marcha da reunión.

**Artigo 30.** De todos os acordos e debates realizados polas Asembleas redactarase a correspondente acta, que se recollerá nun libro creado para tales efectos, asinado pola secretaría co visto e prace da presidencia, e de dous asociados, que actuarán como censores de actas. A secretaría librará certificado de acta para as entidades asociadas.

**Artigo 31.** Os acordos tomaranse por maioría simple de votos dos asociados presentes ou representados, cando os votos afirmativos superen aos negativos, e non serán computábeis para estes efectos os votos en branco nin as abstencións.

**Artigo 32.** Establécese a condición de toma de acordo por maioría cualificada de dúas terceiras partes dos presentes ou representados, sempre que nesa Asemblea Xeral estean polo menos o 70% dos membros da asociación, para:

**Art. 32.1.** Acordar constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas así como a participación ou integración noutras figuras xurídicas ou organismos.

**Art. 32.2.** Acordos de disposición ou alleamento de bens.

**Art. 32.3.** Acordos de disolución da asociación.

**Artigo 33.** Serán funcións e competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

**Art. 33.1.** Coñecer, avaliar e aprobar, se é o caso, a xestión do Comité de Dirección, así como os programas e plans de actuacións e a memoria anual de actividades.

**Art. 33.2.** Examinar e aprobar os orzamentos anuais e as contas e balances anuais.

**Art. 33.3.** Ratificar novas altas e baixas.

**Art. 33.4.** Aprobar ou rexeitar as propostas que decida elevar a Asemblea o Comité de Dirección de acordo coas actividades do Clúster TIC Galicia.

**Art. 33.5.** Aprobar as cotas ordinarias ou extraordinarias que teñan que satisfacer os asociados e asociadas.

**Art. 33.6.** Solicitar a declaración de utilidade pública.

**Art. 33.7.** Aprobar a disposición e alleamento de bens.

**Art. 33.8.** Aprobar o Regulamento de Réxime Interno.

**Art. 33.9.** Coñecer e acordar sobre as reclamacións e recursos que as entidades asociadas presenten.

**Art. 33.10.** Ratificar os acordos dos expedientes disciplinarios.

**Art. 33.11.** Acordar a federación da asociación con outras entidades.

**Art. 33.12.** Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Xeral Extraordinaria.

**Artigo 34.** Serán funcións e competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

**Art. 34.1.** Nomear ou separar o Presidente e os membros do Comité de Dirección.

**Art. 34.2.** Modificar os estatutos da asociación.

**Art. 34.3.** Acordar a fusión ou unión da asociación con outras entidades.

**Art. 34.4.** Calquera outra que non sexa da competencia exclusiva da Asemblea Xeral Ordinaria.

## **CAPÍTULO II. COMITÉ DE DIRECCIÓN**

**Artigo 35.** O Comité de Dirección, presidido pola Presidencia do Clúster TIC Galicia, é o órgano executivo e operativo, ao que lle corresponde a representación da asociación, de acordo coas disposicións e directivas da Asemblea Xeral, así como a coordinación das actuacións da asociación, tanto administrativas como as derivadas das súas comisións de acordo coas disposicións establecidas nestes estatutos e no Regulamento de Réxime Interno.

**Artigo 36.** O Comité de Dirección estará composto por un mínimo de 4 e un máximo de 17 membros incluída a Presidencia. Os demais membros, distintos da presidencia, serán elixidos en Asemblea Xeral Extraordinaria, entre os socios de pleno dereito.

**Art. 36.1** No Comité de Dirección manterase no momento da elección a paridade de representación de grandes empresas TIC e de pequenas empresas TIC.

**Art. 36.2** As grandes empresas TIC poderán elixir ata 8 representantes no Comité de Dirección dos cales, como máximo 1, poderá ser unha Asociación de empresas TIC, Colexios Profesionais ou Centros Tecnolóxicos. As pequenas empresas TIC poderán elixir ata 8 representantes no Comité de Dirección dos cales, como máximo 1, poderá ser unha Asociación de empresas TIC, Colexios ou Centros Tecnolóxicos.

**Art. 36.3** No caso en que resulte elixida a mesma Asociación de empresas TIC, Colexio Profesional ou Centro Tecnolóxico por ámbolos dous cupos, o segundo posto do Comité de Dirección será para a seguinte candidatura máis votada sumando os votos dos dous cupos.

**Art. 36.4** Con carácter previo a elección as Asociacións de empresas TIC, Colexios Profesionais e Centros Tecnolóxicos que queiran presentarse a elección terán que indicar se presentan a súa candidatura para representar a grandes empresas TIC ou a pequenas empresas TIC ou as dúas. Tamén, con carácter previo a votación, as Asociacións de empresas TIC, Colexios Profesionais e Centros Tecnolóxicos deben indicar se os seus votos contan polo cupo de grandes empresas TIC ou polo cupo de pequenas empresas TIC.

**Artigo 37.** O Comité de Dirección poderá convidar a participar con voz e sen voto a responsables de contidos concretos que se considere en todas aquelas reunións que considere necesario.

**Artigo 38.** Fan parte do Comité de Dirección os seguintes cargos: Presidencia, Vicepresidencia, Secretaría, Tesourería e Vogalías. Serán elixidos na primeira reunión tralas eleccións do Comité de Dirección á proposta da Presidencia. Se algún cargo causase baixa na asociación será elixido un novo cargo, á proposta da Presidencia, na seguinte reunión do Comité de Dirección.



**Artigo 39.** Son funcións do Comité de Dirección:

**Art. 39.1.** Planificar e dirixir a actividade da asociación para o cumprimento dos seus obxectivos.

**Art. 39.2.** Propoñer á Asemblea Xeral, sempre que se considere conveniente, medidas para a defensa dos intereses específicos da asociación e programas de actuación, así como para coidar que se executen os xa aprobados.

**Art. 39.3.** Elaborar a memoria anual de actividades, as contas, o orzamento e establecer as cotas para o novo exercicio e sometelos para a súa ratificación á Asemblea Xeral.

**Art. 39.4.** Realizar consultas e atender e examinar as propostas que se lle formulen.

**Art. 39.5.** Decidir sobre os actos que interesen, afecten ou comprometan, directa ou indirectamente o patrimonio da asociación.

**Art. 39.6.** Realizar cantas operacións mercantís sexan precisas para o mellor funcionamento da asociación.

**Art. 39.7.** Facultar á presidencia e á xerencia, para outorgar os poderes e representacións que se estimen oportunos e coa amplitude de termos que se acorde.

**Art. 39.8.** Cumprir e facer cumprir os estatutos, e propoñerlle á Asemblea Xeral a súa reforma.

**Art. 39.9.** Adoptar os acordos da competencia da Asemblea Xeral cando a urxencia pode implicar unha perda de oportunidade. Nestes casos, deberá informar previamente a todas as entidades asociadas; sen prexuízo da obriga de convocar unha Asemblea Xeral para dar conta e ratificar as decisións adoptadas, no prazo máximo dun mes desde a toma da decisión.

**Art. 39.10.** Elaborar o Regulamento de réxime interno para a súa presentación á Asemblea Xeral.

**Art. 39.11.** Aprobar a proposta ou propostas de contratación e o despedimento da persoa que realice as funcións de Xerencia, atendendo á proposta da Presidencia, e dando conta razoada á Asemblea Xeral na seguinte xuntanza.

**Art. 39.12.** Admitir ou denegar, de xeito provisional, as solicitudes de incorporación de novos membros, así como, acordar ou denegar solicitudes de readmisión, calquera que sexa a causa da súa baixa. Así mesmo determinar, de xeito provisional, casos concretos de expulsión, cando sexa necesario, todo iso de conformidade co previsto nestes estatutos.

**Art. 39.13.** Crear novas comisións ou grupos de traballo ou disolver os existentes, segundo se considere necesario para o desenvolvemento dos fins da asociación.

**Art. 39.14.** Ditar as normas das comisións ou grupos de traballo no momento da súa creación, así como as normas de integración nas devanditas comisións.

**Art. 39.15.** As funcións que sexan delegadas pola Asemblea Xeral.

**Art. 39.16.** Intervir en cantos asuntos non estean especificamente encomendados á Asemblea Xeral ou a outros órganos de goberno.

**Art. 39.17.** Reprobar a actividade de calquera membro do Comité de Dirección, incluíndo a Presidencia.

**Art. 39.18.** Interpretar os estatutos cando fose necesario.

**Art. 39.19.** Aprobar o Regulamento de Réxime Interno de forma provisional ata a súa ratificación en Asemblea.

**Artigo 40.** A duración dos postos no Comité de Dirección será por mandatos e coincidirá coa Presidencia que será por un máximo de tres anos. No momento de elección da Presidencia pola Asemblea Xeral Extraordinaria tamén se renovará a composición do Comité de Dirección.

**Artigo 41.** Todos os membros desempeñarán os seus cargos de forma gratuíta, sen prexuízo de que poidan ser compensados polos gastos nos que incurran pola representación que conleve o seu posto. A representación corresponde a entidade socia elixida, que nomeará un representante sendo as súas funcións indelegábeis.

**Artigo 42.** O Comité de Dirección reunirse como mínimo oito veces ao ano, e tantas veces como o considere conveniente a presidencia ou o soliciten a metade das persoas integrantes que o constitúen. A convocatoria será feita pola Presidencia e terá que remitirse aos membros cunha antelación de, cando menos, cinco días hábiles respecto da data de celebración da reunión. Se todos os membros do Comité de Dirección estivesen de acordo pódense acurtar estes prazos.

**Artigo 43.** A reunión do Comité de Dirección quedará validamente constituída cando asistan a metade máis un dos seus membros na primeira convocatoria ou calquera que sexa o seu número en segunda convocatoria. Tamén se considera validamente constituída, en sesión extraordinaria, se están reunidos tódolos membros do Comité de Dirección e así o deciden.

**Artigo 44.** Para que os seus acordos sexan válidos, deberán ser tomados por maioría de votos dos presentes. En caso de empate, o voto da Presidencia será de calidade.

**Artigo 45.** Os debates e acordos das sesións do Comité de Dirección faranse constar nun libro de actas que subscribirán as persoas que ostenten a Presidencia e a Secretaría.

**Artigo 46.** A representación no Comité de Dirección cesará:

**Art. 46.1.** Por expiración do período do seu mandato.

**Art. 46.2.** Por renuncia voluntaria comunicada por escrito ao Comité de Dirección

**Art. 46.3.** Por acordo de reprobación do Comité de Dirección ou da Asemblea Xeral por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas ou por desacordo coa execución dos mandatos da Asemblea Xeral. No caso de acordo do Comité de Dirección será preciso contar co voto favorable de dous tercios dos membros previa audiencia ó interesado nun punto específico na reunión do Comité de Dirección.

**Art. 46.4.** Por falta de asistencia, de tres ausencias consecutivas ou seis non consecutivas inxustificadas a criterio da Secretaría.

### **CAPÍTULO III. COMITÉ ESTRATÉXICO**

**Artigo 47.** O Comité Estratéxico é o órgano de consulta e planificación, a medio e longo prazo, coa facultade de asesorar e enriquecer os obxectivos e tarefas do Clúster TIC Galicia. Os representantes con dereito a voz e voto son:

**Art. 47.1.** Un membro por cada representante do Comité de Dirección

**Art. 47.2.** Un membro de cada colexio profesional socio da asociación

**Art. 47.3.** Un membro de cada centro tecnolóxico socio da asociación

**Art. 47.4.** Un membro de cada asociación de empresas TIC integrada no Clúster TIC Galicia

**Art. 47.5.** Todos aqueles membros que se consideren de interese, en representación de socios promotores TIC ou grandes clientes e institucións do ámbito das actividades do Clúster TIC Galicia que sexan propostos pola Presidencia e nombrados polo Comité de Dirección

**Art. 47.6.** De ser preciso, calquera outro membro non pertencente os colectivos xa mencionados, e que serán nombrados polo Comité de Dirección a proposta da Presidencia ou calquera membro do Comité de Dirección

**Artigo 48.** Ás reunións do Comité Estratéxico, a Presidencia poderá invitar a asistir con voz pero sen voto, de xeito permanente ou temporal, a aquelas persoas, entidades públicas ou privadas que se consideren de interese.

**Artigo 49.** Son funcións do Comité Estratéxico as seguintes:

**Art. 49.1.** Asesorar a asociación nos obxectivos de alto nivel a conseguir

**Art. 49.2.** Configurar un marco de análise e debate sobre o sector TIC e a súa realidade económica.

**Art. 49.3.** Propor ó Comité de Dirección iniciativas de actuación en campos concretos dos intereses da asociación.

**Art. 49.4.** Informar e asesorar, nos termos que se dispoña, sobre boas prácticas que se desenrolen no seo de estruturas ou redes nacionais ou internacionais no eido das TIC e que se consideren de interese para a asociación.

**Art. 49.5.** Asesorar ó Comité de Dirección de cantas cuestións éste demande.

**Art. 49.6.** Calquera outra actividade que se lle encomende polo Comité de Dirección ou pola Asemblea Xeral.

**Artigo 50.** A renovación dos membros do Comité Estratéxico coincidirá co mandato da Presidencia. De ser preciso a renovación ou inclusión de novos membros durante o mandato ésta será acordada polo Comité de Dirección seguindo o disposto no Artigo 47.

**Artigo 51.** A representación no Comité Estratéxico cesará:

**Art. 51.1.** Por expiración do período do seu mandato.

**Art. 51.2.** Por renuncia voluntaria comunicada por escrito ao Comité de Dirección.

**Art. 51.3.** Por acordo de reprobación do Comité de Dirección ou da Asemblea Xeral por incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.

**Artigo 52.** Os membros do Comité Estratéxico, que desempeñarán as súas funcións de xeito gratuíto, reuniranse tantas veces como o considere conveniente a Presidencia ou o soliciten a metade dos seus membros. A convocatoria farase pola Presidencia, cun mínimo de antelación de dez días hábiles e quedará validamente constituída coa presenza da metade máis un dos seus membros en primeira convocatoria ou calquera que sexa o seu número en segunda convocatoria.

**Artigo 53.** A asistencia ás reunións do Comité Estratéxico admite a delegación sempre que fora solicitada e esta fora admitida pola Presidencia antes de cada reunión.

**Artigo 54.** Os debates e acordos das sesións do Comité Estratéxico faranse constar nun libro de actas que subscribirán as persoas que ostenten a Presidencia e a Secretaría do Clúster TIC Galicia e os seus acordos serán válidos por maioría de votos dos presentes.

#### **CAPÍTULO IV. ÓRGANOS UNIPERSOAIS**

**Artigo 55.** A Presidencia, que será elixida pola Asemblea Xeral Extraordinaria en votación separada, ostenta a plena representación da asociación ante calquera instancia pública e privada e en xeral en todos os actos nos que a asociación participe. Son facultades da presidencia sen carácter limitativo as seguintes:

**Art. 55.1.** Presidir a Asemblea Xeral, o Comité de Dirección e o Comité Estratéxico, dirixir os debates e a orde das reunións e coidar da execución dos acordos que se tomen.

**Art. 55.2.** Representar á asociación e realizar no seu nome toda clase de actuacións xudiciais ou extraxudiciais, sen máis limitacións que as establecidas nestes estatutos.

**Art. 55.3.** Outorgar os poderes e representacións necesarios nos termos que determine o Comité de Dirección.

**Art. 55.4.** Convocar as Asembleas Xerais nos casos previstos nestes estatutos así como as reunións do Comité de Dirección e do Comité Estratéxico.

**Art. 55.5.** Ter voto de calidade no Comité de Dirección e no Comité Estratéxico.

**Art. 55.6.** Render contas anualmente da súa xestión, e da do Comité de Dirección ante a Asemblea Xeral.

**Art. 55.7.** Delegar as súas funcións temporalmente na Vicepresidencia.

**Art. 55.8.** No caso de presentar a súa dimisión, a Vicepresidencia asumirá tódalas funcións da Presidencia, co encargo de convocar Asemblea Xeral Extraordinaria para a renovación da Presidencia nun prazo de 8 meses desde a formalización da dimisión da Presidencia.

**Art. 55.9.** A duración do cargo establececese por mandatos, cunha duración máxima de 3 anos.

**Artigo 56.** A Vicepresidencia asistirá á Presidencia no exercicio das súas atribucións e, de acordo con ela e por delegación, adoptará as decisións sobre os asuntos que lles fosen encomendados. Así mesmo, deberá substituír a Presidencia na súa ausencia ou no caso da súa dimisión ata a elección da nova Presidencia na correspondente Asemblea Xeral Extraordinaria.

**Artigo 57.** A Secretaría levará o libro de actas das reunións dos órganos de goberno e de representación da asociación e ten a capacidade para a expedición das certificacións co visto e prace da presidencia.

**Artigo 58.** A Tesourería encargárase da conservación dos fondos, da supervisión da contabilidade e do cumprimento das obrigas fiscais da asociación. Velará pola recadación dos fondos pertencentes á asociación e dará cumprimento ás ordes de pagamento dos gastos derivados de acordos do Comité de Dirección.

**Artigo 59.** Os Vogais encargáranse de áreas ou seccións específicas dentro do funcionamento da Asociación.

**Artigo 60.** A Xerencia, coas capacidades outorgadas, terá por obxecto a execución práctica dos acordos de goberno e en xeral, todos os actos da vida corporativa, levando a cabo as funcións que se lle encomenden desde a Presidencia ou desde o Comité de Dirección. A súa contratación será acordada polo Comité de Dirección e poderá recaer nun profesional ou nunha organización que leve a cabo a dirección do funcionamento técnico e administrativo dos servizos da asociación. A súa contratación ou despedimento, será competencia do Comité de Dirección e de ser o caso dunha subcontratación conlevará a obrigatoriedade de identificación da persoa responsable nas tarefas xerenciais.

#### **TÍTULO V. PROCESO ELECTORAL. MESA ELECTORAL**

**Artigo 61.** Trala convocatoria electoral o Comité de Dirección definirá a Constitución dunha Mesa Electoral, da que non poderá formar parte a Presidencia, e que se constituirá por un total de tres membros do Comité de Dirección sendo estes, a persoa que ostente a Secretaría do Clúster TIC Galicia, o membro do Comité de Dirección de maior idade e o de menor idade.

**Artigo 62.** Son funcións da Mesa Electoral:

**Art. 62.1.** Presidir as eleccións na Asemblea Xeral Extraordinaria

**Art. 62.2.** Definir os medios necesarios, censos, métodos de representación e delegación prazos e normas adicionais necesarias para todo o proceso electoral.

**Art. 62.3.** Recibir as candidaturas á Presidencia e membros do Comité de Dirección, verificalas e comunicalas ós asociados.

**Art. 62.4.** Ordenar e moderar o transcurso das intervencións.

**Art. 62.5.** Velar polo cumprimento do establecido nestes estatutos e da lexislación vixente.

**Art. 62.6.** Tomar as decisións necesarias ó respecto de todo o proceso electoral.

**Art. 62.7.** Redactar e asinar a Acta correspondente ó proceso electoral.

**Artigo 63.** A votación para a elección da Presidencia farase seguindo sufraxio universal de forma que cada socio emita un voto e tódolos socios teñen dereito a voto. Para a elección da Presidencia será preciso a obtención favorable da maioría dos votos emitidos. No caso de presentarse mais de dúas candidaturas, e se ningunha acadase dita maioría, será preciso facer na mesma Asemblea, unha nova rolda de votacións coas dúas candidaturas mais votadas. Se ningunha candidatura obtén os votos necesarios para a súa proclamación a Mesa Electoral solicitará á Presidencia en funcións que fixe unha nova data para outra Asemblea Xeral Extraordinaria nos dous meses seguintes e repetirase todo o proceso. Durante ese período manteranse tódolos órganos de goberno da asociación.

**Artigo 64.** Serán elixibles á Presidencia todos os socios de pleno dereito, agás os que ostentaran este cargo nos últimos dous mandatos consecutivos, aínda sendo realizado por persoas físicas distintas.

**Artigo 65.** Na mesma sesión pero en votación separada á da Presidencia, a Asemblea elixirá os membros do Comité de Dirección, seguindo o establecido no Artigo 36, que serán elixidos en votación separada por parte de cada grupo de empresas.

**Artigo 66.** Os socios que queiran ser candidatos o Comité de Dirección, en cada grupo de elección, grandes ou pequenas empresas, deberán comunicarllo previamente á Mesa Electoral.

**Artigo 67.** Os representantes no Comité de Dirección das grandes empresas TIC serán elexidos polos socios clasificados como grandes empresas TIC e aquelas Asociacións de empresas TIC, Colexios Profesionais e Centros Tecnolóxicos que solicitasen a inclusión neste grupo, a efectos de candidatura e votación.

**Artigo 68.** Os representantes no Comité de Dirección das pequenas empresas serán elexidos polos socios clasificados como pequenas empresas e aquelas Asociacións de empresas TIC, Colexios Profesionais e Centros Tecnolóxicos que solicitasen a inclusión neste grupo, a efectos de candidatura e votación.

**Artigo 69.** En caso de empate nunha das votacións realizadas, a Mesa Electoral empregará, para resolver a cuestión o establecido no Artigo 36 e de ser preciso os baremos de preferencia por maior antigüidade na Asociación Clúster TIC Galicia (contada dende a última incorporación se houberse causado baixa) e de maior tempo sen ser representante no Comité de Dirección.

## **TÍTULO VI. COMISIONS E GRUPOS DE TRABAJO**

**Artigo 70.** Por iniciativa do Comité de Dirección, poderán crearse Comisións de Traballo e Grupos de Traballo sobre materias de interese para o Clúster TIC Galicia.

**Artigo 71.** As Comisións de Traballo terán carácter permanente e como obxectivo liderar unha tarefa concreta dentro da asociación, e poderán ter capacidade para a realización de tarefas de interese para o Comité de Dirección que establecerá unha normativa específica que se recollerá no Regulamento de Réxime Interno sen prexuízo dos presentes estatutos ou das capacidades que se lle outorgan ao responsable da Comisión para o non recollido en dita normativa.

O número de comisións será flexible, e poderán crearse e disolverse por acordo do Comité de Dirección.

**Artigo 72.** Os Grupos de Traballo terán carácter temporal e non terán capacidade executiva, e serán con carácter xeral grupos deliberantes ou tecnolóxicos que deberán elevar sempre as súas conclusións ao Comité de Dirección. A formación de grupos de traballo estará aberta, previa solicitude ó Comité de Dirección, e sempre que exista interese específico na materia obxecto destes. A Coordinación de cada grupo corresponderalle a un membro do mesmo que será o encargado do bo funcionamento, que regulará a súa actividade diaria, e a comunicación do devandito grupo e dos seus acordos co Comité de Dirección.

## **TÍTULO VII. RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 73.** A Asociación no momento da súa fundación non dispón de patrimonio.

**Artigo 74.** A Asociación manterase dos seguintes recursos:

**Art. 74.1.** Das cotas periódicas ou extraordinarias aprobadas en Asemblea Xeral e que non serán reintegrábeis en ningún caso.

**Art. 74.2.** Achegas económicas e patrocinios das entidades colaboradoras.

**Art. 74.3.** Os ingresos que poidan recibirse polo desenvolvemento das actividades e servizos da asociación.

**Art. 74.4.** As axudas ou subvencións de todo tipo, que puideran producirse ao seu favor.

**Art. 74.5.** As doazóns, herdanzas e legados que poidan producirse ao seu favor por parte dos membros asociados ou terceiras persoas, públicas ou privadas.

**Art. 74. 6.** Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

**Artigo 75.** O peche do exercicio da asociación coincide co último día natural do ano.

**Artigo 76.** A Asemblea Xeral establecerá as cotas periódicas e/ou extraordinarias que deberán de aboar os socios. En calquer caso deberán respectar os seguintes criterios:

**Art. 76.1.** A asociación obrígase a buscar a autosostenibilidade financeira

**Art. 76.2.** Os ingresos totais anuais previstos por cotas de socios de pleno dereito deben financiar o presuposto anual de gastos fixos ou de estrutura permanente, na medida do posible e de forma proporcional entre os ingresos provenientes do cupo de grandes empresas TIC e o cupo de pequenas empresas TIC. A asemblea Xeral decidirá para cada Asociación, Colexio ou Centro Tecnolóxico, os criterios para definir se a súa cota será a correspondente a grandes empresas TIC ou a pequenas empresas TIC.

**Artigo 77:** A Asociación atenderá as súas obrigas contábeis e de documentación ao abeiro no establecido na lexislación vixente e na normativa que resulte de aplicación.

## **TÍTULO VIII. MISCELÁNEA**

**Artigo 78.** No Regulamento de réxime interno da asociación, determinaranse e desenvolveranse aqueles puntos ou materias non previstos directamente nestes estatutos, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

**Artigo 79.** A Asociación Clúster TIC Galicia disolverase segundo o expresado no artigo 5 dos presentes estatutos e procederá a crear unha Comisión Liquidadora formada por tres asociados que xunto coa Presidencia e a Tesourería procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando e cobrando débedas e fixando o haber líquido restante que será doado a outra asociación non lucrativa que determinarán os membros da Comisión Liquidadora.